



Guía Docente

Datos Identificativos					2011/12
Asignatura (*)	Organización e Avaliación de Institucións Educativas		Código	652G01012	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Teasley Severino, Cathryn	Correo electrónico	cathryn.teasley1@udc.es		
Profesorado	Teasley Severino, Cathryn	Correo electrónico	cathryn.teasley1@udc.es		
Web	http://www.udc.es/dep/pdce/Cata/CV_Cata_e.htm				
Descrición xeral	<p>A materia "Organización e Avaliación de Institucións Educativas" ten carácter de formación básica e impártese no primeiro cuatrimestre do segundo curso do Grao en Educación Infantil.</p> <p>Esta materia busca desenvolver no estudantado capacidades de descrición, análise, interpretación e valoración do funcionamento dos centros escolares. Pártese de que os centros son institucións complexas, reguladas por normas comúns, pero tamén dotadas de características singulares que fan que se constitúan en espazos privilexiados para o desenvolvemento profesional, a práctica da democracia e o cambio educativo. Para iso é necesario deseñar, desenvolver e avaliar proxectos de centro acordes con esa singularidade que contribúan á progresiva autonomía institucional.</p> <p>Esta materia garda relación con "Teoría da Educación", "Socioloxía da Educación", "Historia da Educación", "Atención á Diversidade: Aspectos Didácticos e Organizativos", "Educación Inclusiva e Multicultural? e, especialmente, coa materia de "Deseño, Desenvolvemento e Avaliación do Curriculum" de 1º curso, dado que as dimensións didáctica-curricular e organizativa non poden entenderse de forma independente unha da outra.</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer a organización dos centros nos que se imparte Educación Infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento	A4 A27 A31	B3 B16	C4 C7 C8
Analizar, contrastar e sintetizar información para coñecer as características e dimensións da escola como organización complexa	A13 A23 A27 A31	B2 B12 B16	C4 C7 C8
Interpretar e valorar información sobre diferentes procesos organizativos que teñen lugar nos centros escolares (planificación, traballo en grupo, coordinación, participación, comunicación, toma de decisións, liderado, avaliación, etc.)	A13 A23 A27 A31	B3 B7 B12 B16	C8
Coñecer e usar estratexias de resolución de problemas e conflitos que surxen nas organizacións educativas	A12 A13 A23 A30	B2 B3 B5 B6 B7 B16	C4



Desenvolver capacidades de argumentación, debate e colaboración para comprender o funcionamento organizativo das institucións educativas, valorando e respectando diferentes aportacións	A13 A21 A23	B2 B3 B5 B6 B7 B16	C4 C6
Manexar diferentes fontes bibliográficas, lexislativas e documentais para enfrontarse á asignatura cunha actitude de indagación e contraste constante, co fin de entender as variables que inciden na organización de institucións educativas	A4 A13 A27 A31	B3 B6 B11 B12 B16	C4 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A escola como organización: dimensións, funcións e características	1a. O centro como organización para o desenvolvemento do curriculum e do ensino. 1b. Dimensións constitutivas da organización escolar. 1c. Funcións da escola. 1d. Trazos característicos dos centros escolares. 1e. Enfoques para a comprensión das organizacións.
2. Políticas educativas e reformas escolares no sistema educativo español	2a. Incidencia das políticas educativas e das reformas escolares na organización e avaliación da Educación Infantil.
3. Contexto, estrutura e cultura organizativa	3a. O contexto organizativo: entre o local e o global. 3b. Estructuras organizativas de goberno, xestión, participación e coordinación. 3c. A organización do alumnado: admisión, agrupamentos e promoción. 3d. A organización da actividade escolar: contidos, estratexias pedagóxicas, espazos, tempos e recursos didácticos, con especial atención ao papel do ciber-espazo e as novas tecnoloxías da información e comunicación. 3e. Cultura organizativa e desenvolvemento profesional e organizacional.
4. Planificación e avaliación para o cambio e a mellora nas organizacións escolares	4a. Proxecto educativo, autonomía dos centros escolares e innovación. 4b. Estratexias de avaliación de centros: avaliación externa, avaliación interna e estratexias combinadas.
5. A constitución da escola como institución democrática: poder e participación da comunidade	5a. Escolas democráticas e diversidade. 5b. A participación como exercicio de cidadanía. 5c. Dificultades do proxecto participativo na escola. 5d. As relacións nas organizacións educativas: conexión e colaboración entre os diferentes actores da comunidade educativa.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	1.5	2	3.5
Traballos tutelados	4.5	18	22.5
Proba mixta	2	8	10
Análise de fontes documentais	1	50.25	51.25
Discusión dirixida	3	0	3
Aprendizaxe colaborativa	5	0	5
Sesión maxistral	21	21	42
Xogo de rol (role playing)	2	0	2



Estudo de casos	4	0	4
Saídas de campo	6	0	6
Atención personalizada	0.75	0	0.75

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Exposición grupal dun guión do traballo tutelado, que terá lugar durante a semana anterior ao período festivo de Decembro-Xaneiro.
Traballos tutelados	Realización en pequeno grupo dun traballo escrito, seguindo as orientacións dadas na aula e presentación oral do guión do mesmo. Dito traballo consistirá na análise e relación de contidos abordados ao longo do cuadrimestre. Entrégase o día do exame final.
Proba mixta	A proba mixta consistirá nun exame, sen material, composto por preguntas de resposta breve e preguntas de desenvolvemento. Pode requirirse, ademais, a realización dun esquema ou mapa conceptual.
Análise de fontes documentais	Lectura e análise da documentación seleccionada como obrigatoria para traballar a materia.
Discusión dirixida	Debates e posta en común, en pequeno, mediano ou grande grupo, dos contidos traballados ao longo do cuadrimestre. Estes debates versarán sobre o contido das fontes seleccionadas como material de traballo obrigatorio. Con carácter xeral, ese material deberá ser preparado fóra do horario de clase.
Aprendizaxe colaborativa	Consistirá en dinámicas de grupos variadas, que se empregarán nos debates, na análise das fontes realizada en grupo, nos traballos tutelados e na presentación oral.
Sesión maxistral	Exposición oral, por parte da docente, e con apoio de recursos audiovisuais, de contidos relacionados co temario da materia.
Xogo de rol (role playing)	Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións conflictivas onde intervieñen diferentes posturas que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersonais, o comportamento, os valores e as actitudes.
Estudo de casos	Metodoloxía na que o suxeito é confrontado coa descrición dunha situación específica cun problema a ser entendida, valorada e determinada por un grupo de persoas a través dun proceso de discusión. O alumnado está perante un problema concreto que describe unha situación real de traballo, e debe ser capaz de analizar unha serie de eventos relativa a un determinado campo de coñecemento ou acción para acadar unha decisión fundamentada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Saídas de campo	Posíbel visita ao Colexio Rural Agrupado (CRA) de Ponteceso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Proba mixta Presentación oral	Para preparar as actividades á esquerda, o estudantado, se o estima necesario, pode solicitar atención personalizada en clase ou en horario de titorías.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	----- O traballo grupal terá como prazo de entrega o día do exame final. Para avaliar o traballo escrito teranse en conta os aspectos a seguir: ? Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva, e corrección gramatical (30%). ? Contido: comprensión das ideas básicas, dominio conceptual, uso dos contidos traballados ao longo do cuadrimestre, relacións entre eles (capacidade analítica e de síntese), creatividade e innovación nas propostas, calidade da participación na preparación desta actividade, e grao de fundamentación das fontes (referencias bibliográficas e bibliografía final) (70%). -----	30
Proba mixta	----- Na proba mixta especificarase o peso de cada pregunta. Nas preguntas de resposta breve teranse en conta a pertinencia e precisión da resposta, a claridade conceptual, e a corrección gramatical. Nas preguntas de desenvolvemento teranse en conta a pertinencia e organización do contido, o dominio conceptual, a conexión entre ideas, a claridade expositiva, e a corrección gramatical. -----	50
Presentación oral	----- Na presentación participarán todos os membros do grupo. Todas as presentacións terán lugar durante a semana anterior ao período festivo de Decembro-Xaneiro. Valoraranse os aspectos a seguir: ? Calidade da participación na preparación desta actividade. ? Relevancia e organización dos contidos expostos. ? Coordinación da exposición (que reflicta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). ? Nivel de comprensión dos contidos básicos. ? Capacidade analítica e de síntese. ? Claridade expositiva. ? Creatividade e innovación nas propostas. -----	20

Observacións avaliación

Para aprobar a materia será necesario acadar, como mínimo, unha puntuación de 4 (de 10) en cada unha das actividades avaliadas: presentación do guión do traballo tutelado, traballo final e exame. As porcentaxes especificadas en riba aplicanse ao alumnado asistente, que é aquel que asiste a clase nun 80% do horario. O alumnado non-asistente terá que poñerse en contacto coa profesora, e para superar a materia realizará o exame final, que se ponderará en función do grao de participación nas demais actividades da materia.

@font-face {
}div.Section1 { page: Section1; }



Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo/652G01002

Historia da educación/652G01006

Educación inclusiva e multicultural/652G01011

Bases didácticas da educación especial inclusiva/652G01034

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Teoría da educación/652G01001

Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo/652G01002

Socioloxía da educación/652G01003

Historia da educación/652G01006

Educación inclusiva e multicultural/652G01011

Observacións

p { margin-bottom: 0.08in; }a:link { color: rgb(0, 0, 255); }

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías